

ANEXO I
SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN A
DESENVOLVER NA ANUALIDADE 2018

Nº DE PROTOCOLO¹

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
CENTRO DE INVESTIGACIÓN AGRARIAS DE MABEGONDO
A CORUÑA

1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE

Control malas herbas con mulch de *Acacia dealbata*, *Acacia melanoxylon*.

ENTRADA 43 / RX 647847

Data 12/03/2018 14:37:26



2.- TIPO DE ACTIVIDADE²

Campo de ensaio

3.- UNIDADE ORGANIZADORA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Unidade: Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

Enderezo: Ctra. de Betanzos a Mesón do Vento, Km. 7 - Mabegondo

C. Postal: 15318

Concello: Abegondo

Provincia: Pontevedra

Nome e apelidos do/a responsable da unidade organizadora: Manuel López Luaces

Cargo: Director Tfno.: 881881801 Correo_e: manuel.lopez.luaces@xunta.es

4.- UNIDADES PARTICIPANTES DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Unidade: Oficina Comarcal de Porriño

Enderezo: R/ Riveira, s/n - Ed. Multiusos de Torneiros

C. Postal: 36400

Concello: Porriño

Provincia: Pontevedra

Nome e apelidos do/a responsable da unidade: Miguel González Groba

Cargo: Xefe de Sección B Tfno.: 886 120 813 Correo_e: miguel.gonzalez.groba@xunta.es

5.- UNIDADES OU ENTIDADES PARTICIPANTES (Que non sexan da Consellería do Medio Rural)

Unidade ou entidade:

Enderezo:

C. Postal:

Concello:

Provincia:

Nome e apelidos do/a responsable da unidade ou entidade:

Cargo:

Tfno.:

Correo_e:

6.- CENTRO DE INVESTIGACIÓN OU CENTRO TECNOLÓXICO³

Centro: Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño

Enderezo: Entenza s/n

C. Postal: 36471

Concello: Salceda de Caselas

Provincia: Pontevedra

Nome e apelidos do/a responsable da entidade: Manuel Riveiro Leira

Cargo: Director

Tfno.: 618 833 722

Correo_e: manuel.riveiro.leira@xunta.es

¹: A encher polo Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estatísticas e Publicacións

²: Xornadas técnicas, xornadas de portas abertas, congresos, conferencias, seminarios, talleres de prácticas, viaxes, material divulgativo, campos de ensaio, campos de demostración.

³: Só no caso de campos de ensaio, nos que é imprescindible asesor científico.

7.- ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN

O sector da flor e planta ornamental en Galicia ten un significativo alcance económico ao representar o 8,41% da produción final agraria, ademais de supoñer o 7% da superficie do Estado.

A planta ornamental no período 2002-2012 pasou de 194 ha a 644 ha, situándose Galicia como unha das maiores produtoras de camelia a nivel mundial. Outras producións relevantes son rododendros, azaleas, bambú, hortensias e coníferas ornamentais. Os produtores galegos teñen que competir a nivel mundial con países nos que os custos laborais son moi baixos. Para poder competir a tendencia xeral neste sector é ir cara unha maior dimensión e automatización dos procesos.

O desherbado manual ven sendo a práctica habitual cara o control de malas herbas, supoñendo un importante capítulo dos custos laborais, entre 1.085 a 8.667 €/ha e ano. Ademais de supoñer un importante obstáculo cara a unha maior tecnificación nas explotacións.

O mulch úsase como alternativa aos herbicidas de pre-emerxencia. Para a súa utilización en macetas, debe proporcionar pouca dispoñibilidade de nutrientes, debe ter un secado rápido despois da rega e ser resistente a descomposición. Estas propiedades son fundamentais para que unha vez xerminadas as sementes das malas herbas non se poidan establecer.

Alguns materiais orgánicos vexetais teñen propiedades alelopáticas ou herbicidas debidos a determinados metabolitos secundarios que posúen ou son producidos na súa descomposición (Kruidhof, 2008). Neste proxecto estudaranse unha serie de especies invasoras herbáceas co fin de determinar si teñen estas propiedades alelopáticas suficientes para seren utilizadas como coadxuvante na fabricación dun mulch utilizable no sector da planta ornamental galego.

Así no proxecto preténdese estudar as propiedades alelopáticas de especies moi estendidas nos bosques de Galicia como son *Acacia dealbata*, *Acacia melanoxylon* que invaden zonas de alto valor ecolóxico como son as marxes fluviais.

8.- OBXECTIVOS

A obtención dun mulch a base de plantas invasoras, de contrastado poder alelopático ou herbicida cara o control de malas herbas e que non sexa fitotóxico para as plantas ornamentais de viveiro.

9.- METODOLOXÍA EMPREGADA NO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

9.1.- Localización

O campo de ensaio se levará a cabo nun invernadoiro da Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño.

9.2.- Planificación da actividade (no seu caso, programa). No caso de campos de demostración ou de campos de ensaio descrición de todas as fases. (xuntar croquis e deseño das parcelas)

Utilizaranse 30 plantas en maceta dun ano para cada combinación especie – mulch. A cada maceta aplicaráselle unha capa de 1,5-2,5 cm. de mulch. O lote control consistirá en 30 macetas con desherbado manual. Para valorar de forma aproximada o produción de biomasa pesárase a maceta enteira en capacidade de campo, e o mesmo proceso realizarase en setembro. Cando remate o estudo farase unha valoración da conformación da planta dende o punto de vista comercial, nunha escala de 1 a 10, valorando: condición sanitaria, uniformidade, coloración das follas, etc.

O modelo estatístico será de 3 bloques ao azar para cada unha das combinacións especie - mulch.

9.3.- Persoal encargado do desenvolvemento da actividade

A coordinación do campo de ensaio a realizará Manuel Riveiro Leira. O montaxe do campo de ensaio e a recollida de datos correrá a cargo do persoal da Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño.

9.4.- Persoas ou entidades a quen vai dirixido

Agricultores de planta ornamental e viveiros.

10.- PLAN E MEDIOS DE DIVULGACIÓN PREVISTOS

Reunións:

Os resultados se comunicarán nunha reunión aos socios de ACUBAN.

Visitas:

Publicacións:

Os resultados se farán públicos a través da páxina web da asociación: www.acubam.org

Artigos de prensa:

Programas de TV e/ou Radio:

11.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES
11.1.- Data de realización (aproximada): Abril - maio
11.2.- Duración da actividade: Horas teóricas: _____ Horas prácticas: _____
11.3.- Iniciativas de cooperación (nome dos colaboradores): - Explotacións: - Empresas: Coplant SL, Viveiros Río Tollo SL, Viveros Vidaplant e Viveiros Corema SL - Entidades Asociativas: Asociación ACUBAM
11.4.- Lugar de desenvolvemento (marcar cunha X): Zona desfavorecida <input type="checkbox"/> Zona de montaña <input type="checkbox"/>
11.5.- Actividades dirixidas só a (poñer si ou non): - Mozos/as agricultores (que non teñan cumpridos 41 anos) _____ - Mulleres do medio rural (de máis de 41 anos) _____ - Persoas que se incorporen ao sector primario maiores de 41 anos _____ - Agricultor/a activo/a Si